



# Sampaio fronte ó vacío

## Description



**Santana Lopes durou a penas catro meses. A combinación de demagoxia e inconsistencia, coa afirmación progresiva de estratexias diferenciadas entre as formacións que conforman a alianza das dereitas portuguesas, facía previsíbel o actual escenario, unha vez constatada a incapacidade do sucesor de Durao Barroso para manter unha maioría parlamentaria estábel.**

Finalmente, pasou o que cabía esperar. Cando o presidente da República portuguesa rexeitou a hipótese dun adiamento electoral, mesmo nas filas do seu propio Partido numerosas voces advertían da inconsistencia política da substitución de Durao Barroso por Santana Lopes. Pero Sampaio insistiu daquela en que a continuidade podía garantir e que a consolidación da recuperación económica do país esixía estabilidade e mesmo que esta podería padecer se o país sometíase a unha tensión electoral que podía ofrecer resultados pouco diferentes aos entón existentes. Agora, despois de que a finais de novembro, o primeiro ministro cualificara de mero axuste unha remodelación que emerxía como a punta dun iceberg dunha crise moito mais fonda, quedou ao descuberto o encaixe de bolillos do seu gabinete, absolutamente desbordado coa dimisión de Henrique Chaves, o ministro da xuventude e o deporte.

Santana Lopes durou a penas catro meses. A combinación de demagoxia e inconsistencia, coa afirmación progresiva de estratexias diferenciadas entre as formacións que conforman a alianza das dereitas portuguesas, facía previsíbel o actual escenario, unha vez constatada a incapacidade do sucesor de Durao Barroso para manter unha maioría parlamentaria estábel. Santana defendeu ante Sampaio a continuidade das políticas de Durao Barroso nas áreas de finanzas, defensa, política exterior e xustiza que o Presidente da República quería ver aseguradas, pero a súa capacidade para gobernar estaba en entredito.

O momento é peor que hai catro meses?. Co debate da Constitución europea batendo na porta e na fronteira da elaboración dun novo orzamento, todo pode acabar por perturbarse, estorbando todo a todo, mesturando os debates e confundindo as prioridades. De convocar eleccións hai catro meses, hoxe habería un novo goberno e o debate das contas públicas resultaría mais equilibrado. Sampaio equivocouse.

As eleccións serán en febreiro. O PS vese a si mesmo como seguro gañador dos próximos comicios. A victoria de Sócrates nas primarias, ubicado no centrodereita da familia socialista, facilita as cousas para asumir as tarefas gobernamentais, aínda que as dificulta para propiciar acordos á súa esquerda, cos comunistas da CDU ou a â€œesquerda caviarâ€• do Bloco de Esquerda. Separados ou xuntos, CDS-PP de Paulo Portas, e PSD, afrontan uns comicios en condicións pouco propicias. O fiasco Santana, que liderará a campaña do PSD, empurra á baixa e será difícil remontar.

Respecto da CDU, poucas novidades e moitos medos a seguir perdendo espazo electoral. O PCP celebrou recentemente o seu Congreso, optando pola elección de Jerónimo de Sousa como substituto de Carlos Carvalhas, dende hai anos lixeiramente distanciados da ortodoxia que aínda comanda Álvaro Cunhal, convertido nunha especie de Deng portugués cos seus máis de noventa anos de idade, pero cunha autoridade moral e influencia política que poucos discuten.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## **APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

Europa ARQUIVO

### **IDIOMA**

Galego

### **Date Created**

Decembro 9, 2004

### **Meta Fields**

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 2004-12-09 00:00:00